

29

La Voz de Galicia

Alberto Manguel falará na Coruña sobre os camiños da lectura

REDACCIÓN/LA VOZ. O escritor arxentino, afincando en Francia, Alberto Manguel participará mañá no ciclo organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega sobre literatura e viaxes. A intervención do escritor terá lugar na Real Academia Galega a partir das 20 horas. O escritor será presentado por Mantiel Rivas.

A conferencia que pronunciará este autor, que ten praticados todos os xéneros da escritura, leva por título *O camiño da lectura*, resultado da súa experiencia de estudos da literatura e da lectura que deu nun libro titulado *Una historia de la lectura*.

Nacido en Bos Aires, residiu en varios países tan diferentes como Canadá e Tahití, pero nos últimos anos afincouse en Francia, país desde o que foi alcanzando reputación internacional como autor.

A conferencia de Alberto Manguel é a penúltima deste ciclo organizado pola AELG, despois de que por el pasaran o tamén arxentino Juan Gelman, o galego Miguel Anxo Murado e a brasileira Hélia Correia.

Trala intervención de Manguel mañá martes, a vindeira e última sesión deste ciclo terá como protagonista a Xabier P. Docampo o 19 de maio, no mesmo espazo da Real Academia.